

TFGs: CURSO 2021/2022:

CALENDARIO SETEMBRO-OUTUBRO 2021:

- **23/09/2021:** Data tope para que o profesorado remita aos departamentos as súas propostas de TFGs.
- **28/09/2021:** Data tope para que os departamentos aproben a súa proposta de TFGs para a listaxe xeral da Facultade de Economía e Empresa.
- **01/10/2021** Comisión de TFGs para a aprobación e publicación da:
 - o **Listaxe provisoria de estudantes matriculados** que están pendentes de asignación e que poderán elixir preferencia na asignación de TFG. Esta listaxe disporá os estudantes por orde de elección.
 - o **Oferta de TFGs** que integran a listaxe xeral da FEE para a elección.
- **06/10/2021 ás 14:30 horas:** Remate do prazo para a **tramitación de TFGs bilaterais e prórrogas** polos estudantes e profesores. As prórrogas e os bilaterais presentaranse cubrindo o seguinte [formulario](#) no que o estudante terá que subir en pdf, debidamente asinada por el e por o titor ou titores, a [solicitud de TFG non contemplado na listaxe oficial](#) ou a [solicitud de prórroga de TFG non contemplado na listaxe oficial](#).
Importante: non se pode solicitar a prórroga dun TFG que xa fose prorrogado anteriormente.
- **08/10/2021:** Comisión de TFGs para:
 - o Aprobación das propostas de bilaterais e prórrogas.
 - o Publicación da **listaxe definitiva de estudantes matriculados** que están pendentes de asignación e que poderán elixir preferencia na asignación de TFG. Esta listaxe disporá os estudantes por orde de elección. A partir deste momento
 - o Apertura do formulario en liña para que os alumnos trasladen as súas preferencias na asignación de TFGs. (pendente a ligazón ao formulario en liña). Deberán cubri-lo os estudantes matriculados na materia TFG que non teñan un TFG bilateral ou prorrogado.
- **13/10/2021 ás 14:30 horas:** Remate do prazo para que os alumnos matriculados que non teñen traballo asignado trasladen as súas preferencias a través do formulario. **Non se admitirá ningunha preferencia manifestada con posterioridade a esta data.** A aqueles estudantes que non manifesten as súas preferencias a través do procedemento sinalado, a comisión de TFGs asignaralles un traballo dos dispoñibles.
- **15/10/2020:** Comisión de TFGs para:
 - o Asignar TFGs a estudantes sen TFGs asignados de acordo coas preferencias manifestadas no proceso anterior.
 - o Publicación da **listaxe definitiva de estudantes con TFGs asignados**

TRAMITACIÓN DUN TFG BILATERAL

Os estudantes matriculados poderanse dirixir aos profesores concretos en función dos temas que lles resulten de interese para a realización do TFG. Se existir acordo, o estudante cubrirá o seguinte [formulario](#) no que terá que subir en pdf, debidamente asinada por el e polo titor ou titores, a [solicitud de TFG non contemplado na listaxe oficial](#). Estes TFGs non se restan da listaxe xeral de TFGs ofertados pola FEE. Unha vez aprobada a proposta de bilateral pola comisión, o(os) profesor(es) e estudante poden comezar a realizar o TFG.